

PROGRAMA A CORUÑA E O CONSUMO DA OMIC

2. Os menores e o consumo

Obxectivo: Facilitar e desenvolver hábitos e pautas de comportamentos seguros e sans dirixidos á poboación infantil en todas aquelas actividades e actos de consumo que realicen diariamente.

1. Construción de xoguetes

Obxectivos: Tomar conciencia de que para xogar non hai que ter necesariamente un xoguete novo. Ter unha actitude positiva cara á creación de xogos e xoguetes. Aprender a construír xogos e xoguetes a base de materiais de refugallo. Descubrir que fabricar xoguetes pode ser entretido, divertido e útil. Estimular a imaxinación e creatividade dos nenos e nenas. Poñer en práctica técnicas de reutilización e reciclaxe de materiais entre os estudantes.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

2. Xogar sen xoguetes

Obxectivos: Tomar conciencia de que poden xogar sen xoguetes. Aprender xogos sinxelos para o desenvolvemento dos sentidos. Ser conscientes de que para divertirse non son necesarios os xoguetes. Transmitirlles aos e aos menores xogos pedagóxicos que favorecen o seu desenvolvemento físico e psíquico. Capacitar os nenos e nenas para que inventen os seus propios xogos.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

3. Compra de xoguetes con criterios educativos

Obxectivos: fomentar actitudes igualitarias a partir dos xogos e xoguetes que elixen as nenas e nenos, fomentando unha compra responsable e crítica fuxindo de artigos estereotipados ou que implique roles de xénero sexistas. Analizar de maneira directa exemplos de publicidade de xogos e xoguetes: anuncios de TV, catálogos impresos...

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.